# O Val Miñor contará cunha estación propia de ITV en Porto do Molle a partir de 2016. #Nigrán #Baiona #G

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 05 Agosto 2015 19:26




O alcalde de Nigrán e o director Xeral de Enerxía e Minas visitaron esta mañá as obras en Porto do Molle, onde ocupa unha parcela de 3.000 metros cadrados.

O novo punto contará cos últimos avances tecnolóxicos, sendo a primeira de Galicia en construírse con equipos de supervisión e control unificados.
O Concello de Nigrán terá en funcionamento no primeiro trimestre de 2016 a súa propia estación de servizo para a Inspección Técnica de Vehículos. Así llo confirmou esta mesma mañá Ángel Bernardo Tahoces, director xeral de Enerxía e Minas, ao alcalde de Nigrán, Juan González, durante unha visita ás obras en Porto do Molle (trátase da parcela 8-12, cunha superficie de 3,000 metros cadrados e correspondéndose 800 á propia instalación). A empresa concesionaria das ITV para todo el territorio galego, Supervisión y Control S.A. (SyC), informou de que os traballos concluirán a final de ano e que supón unha inversión de un millón setecentos cincuenta mil euros que permitirán engadir os últimos avances tecnolóxicos.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 05 Agosto 2015 19:26



